



DATOS IDENTIFICATIVOS

Cooperación internacional ao desenvolvemento

Materia	Cooperación internacional ao desenvolvemento			
Código	O03G440V01202			
Titulación	Grao en Relacións Internacionais			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Cordal Rodríguez, Constantino			
Profesorado	Cordal Rodríguez, Constantino López Viso, Mónica			
Correo-e	tinocordal@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	A materia [Cooperación Internacional para o Desenvolvemento] pretende abordar o sistema de cooperación ao desenvolvemento internacional contemporáneo, facilitándolle ao alumnado coñecementos sobre a súa evolución, os seus principais actores, obxectivos e instrumentos, así como o seu impacto. Ao facelo, a materia céntrase en particular no papel da cooperación ao desenvolvemento no contexto da Axenda 2030, así como nas cuestións relativas aos dereitos humanos e á igualdade de xénero. Tamén se presta atención especial aos enfoques críticos sobre o concepto e a aplicación práctica da cooperación ao desenvolvemento.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Apreciar a diversidade e a multiculturalidade
B2	Adquirir a habilidade para traballar nun contexto internacional
B3	Identificar aspectos esenciais de culturas e costumes doutros países
C4	Desenvolverse no exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero, nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional, co obxectivo de acadar una sociedade mais xusta e igualitaria.
C6	Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables, así como un uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos
C7	Desenvolver a capacidade de traballar en equipas interdisciplinares ou transdisciplinares para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
D1	Analizar información relacionada con fontes e feitos internacionais en entornos xeopolíticos, económicos e xurídicos complexos, presenciais ou virtuais
D5	Comprender e analizar os procesos globalizadores, as dinámicas de deslocalización e estratexias alternativas
D7	Analizar a realidade global nas súas diferentes dimensións, en particular a xeográfica, a política, a social, a económica e a xurídica
D11	Analizar a realidade política, social e económica no marco da cooperación internacional ao desenvolvemento

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Identificar os fundamentos do desenvolvemento sostíbel e a súa incidencia nas persoas e no planeta.	B1	C4	D1
Xustificar a pertinencia da aplicación da Axenda 2030 por parte das institucións públicas, en especial, nas políticas de igualdade de xénero.	B2	C6	D5
Valorar de forma crítica e con argumentos claros e sólidos a aplicación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel da Axenda 2030.	B3	C7	D7
Demostrar a obriga política e moral da cooperación ao desenvolvemento aos países do sur global.			D11

Contidos

Tema	
Tema I. Que é a cooperación internacional para o desenvolvemento?	<p>A. Noción de cooperación internacional para o desenvolvemento</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Cuestións terminolóxicas 2. As nocións de desenvolvemento e cooperación <p>B. Orixes e evolución da cooperación internacional para o desenvolvemento</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Evolución histórica da cooperación internacional para o desenvolvemento 2. A cooperación ao desenvolvemento nun mundo globalizado
Tema II. A cooperación internacional para o desenvolvemento no século XXI: obxectivos e actores	<p>A. Obxectivos da cooperación internacional para o desenvolvemento</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A cooperación internacional para o desenvolvemento: entre a solidariedade e o interese político 2. A cooperación internacional para o desenvolvemento: dereitos humanos, cambio climático, perspectiva de xénero <p>B. Actores da cooperación internacional para o desenvolvemento</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. As organizacións internacionais 2. Os Estados
Tema III. Instrumentos e impacto da cooperación internacional para o desenvolvemento	<p>A. Instrumentos da cooperación internacional para o desenvolvemento</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Programas e proxectos de desenvolvemento 2. Modalidades de cooperación: cooperación técnica, axuda humanitaria, novas modalidades <p>B. Impacto da cooperación internacional para o desenvolvemento</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Medición do impacto da cooperación 2. Enfoques críticos sobre a cooperación ao desenvolvemento
Tema IV. A cooperación internacional para o desenvolvemento en Europa, España e Galicia	<p>A. A política da Unión Europea de cooperación para o desenvolvemento</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A Unión Europea como actor da cooperación internacional para o desenvolvemento 2. Instrumentos da Unión Europea para a cooperación internacional para o desenvolvemento <p>B. As políticas española e galega de cooperación internacional para o desenvolvemento</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Órganos, obxectivos e ámbitos de actuación da política española de cooperación ao desenvolvemento 2. Órganos, obxectivos e ámbitos de actuación da política gallega de cooperación ao desenvolvemento

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	16	0	16
Seminario	36.5	30.5	67
Estudo de casos	0	16	16
Proxecto	0	16	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	14	14
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Actividade lectiva realizada polo profesorado seguindo o programa da materia.
Seminario	Actividades de contido práctico relacionadas coa materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Resolución de dúbidas do alumnado en relación con algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

Avaliación

Descrición	Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe

Estudo de casos	Proba na que un alumno/a debe analizar un feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnósticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.	10
Proxecto	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan os alumnos/as, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor.	40
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadero/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dúas modalidades de avaliación: continua e global.

MODELO DE AVALIACIÓN CONTINUA (1ª OPORTUNIDAD): Para superar a materia, o alumnado deberá realizar ao longo do cuadrimestre dous cuestionarios tipo test, así como asistir e participar nas clases prácticas, onde se realizarán os estudos de caso e as actividades de aprendizaxe por proxectos. Con estas probas, poderase alcanzar un máximo de seis puntos. Requírese a asistencia a un 80% das clases prácticas. Ademais, ao final do cuadrimestre, o alumnado realizará un exame escrito de preguntas de desenvolvemento, que puntuará cun máximo de catro puntos. O nivel mínimo esixido para a superación do exame final será de dous puntos. A cualificación das probas de avaliación continua sumarase á do exame final soamente se no exame final se alcanza unha nota igual ou superior a dous puntos.

MODELO DE AVALIACIÓN GLOBAL (1ª OPORTUNIDAD): A avaliación do alumnado que non siga o modelo de avaliación continua consistirá en dúas partes: (1) a realización dun exame escrito de preguntas de desenvolvemento, que representará o 60% da cualificación final da materia; e (2) a realización dun exame práctico que consistirá nun cuestionario tipo test, que representará o 40% da cualificación final da materia.

Polo que se refire á segunda oportunidade de exames, o sistema de avaliación será similar ao da primeira oportunidade.

Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, a avaliación consistirá nun exame final sobre os contidos da materia cuxa cualificación máxima será de dez puntos sobre dez.

A realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia nas dúas oportunidades de exame.

As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023-2024 e documentación concordante.

As titorías do profesorado da materia poden solicitarse nos seguintes emails:

tinocordal@uvigo.gal

mviso@uvigo.gal

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ALONSO, J.A., AGUIRRE, P. e SANTANDER, G., **El nuevo rostro de la cooperación internacional: actores y modalidades emergentes**, Los libros de la Catarata, 2019

CHATURVEDI, S., JANUS, H., KLINGEBIEL, S., XIAOYUN, L. et alter (eds.), **The Palgrave Handbook of Development Cooperation for Achieving the 2030 Agenda**, Palgrave MacMillan, 2021

DEVELTERE, P., HUYSE, H. e ONGEVALLE, J.V. (eds.), **International Development Cooperation Today: A Radical Shift Towards a Global Paradigm**, Leuven University Press, 2021

SOTILLO, J.A., **El reto de cambiar el mundo: La Agenda 2030 de desarrollo sostenible**, Los libros de la Catarata, 2015

Bibliografía Complementaria

FERNÁNDEZ FRANCO, L. e ROMÁN MARUGÁN, P., **Manual de Cooperación al Desarrollo**, Síntesis, 2013

SIMS, K., BANKS, N., ENGEL, S. et alter, **The Routledge Handbook of Global Development**, Routledge, 2022

ZHAO, J., **International Development Cooperation: Theory, Practice and Evaluation**, World Scientific, 2023

